

# PROGRAMACIÓN EDUCACIÓN DIXITAL

CURSO 2023-2024

CEIP PLURILINGÜE DE VITE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

**1 INTRODUCCIÓN**

**2 COORDINADOR EDUCACIÓN DIXITAL**

**3 EQUIPO EDUCACIÓN DIXITAL**

**4 OBXECTIVOS DA PROGRAMACIÓN**

**4.a OBXECTIVOS DE CICLO**

**5 MATERIAIS E RECURSOS**

**6 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

## 1 INTRODUCCIÓN

Programación do equipo de educación dixital do centro.

As tecnoloxías da información e comunicación (TIC) inciden de xeito paulatino, pero cada vez máis determinante, na vida das persoas. En consecuencia é lóxico pensar que a Educación debe preparar ao alumnado para un futuro no que xa vivimos.

A Competencia Dixital inserta na lexislación educativa, unha das competencias que se busca acadar, estanos a dar a indicación de que as TIC non só un fenómeno a ter en conta a nivel social ou cultural: deben estar incluídas dende os primeiros anos de escola. Pretendemos e perseguimos, pola tanto, facilitar a docentes e discentes a adquisición das competencias precisas para o uso en aula das TIC, así como na vida cotián.

Esta programación é un documento vivo que poderá corrixirse e ampliarse; en definitiva: mellorarse, ao longo do curso segundo conveña aos obxectivos, estratexias, xestión de recursos e acordos aos que se cheguen.

## 2 COORDINADOR EDUCACIÓN DIXITAL

O coordinador é o encargado de dinamizar a inclusión e o uso das TIC na actividade pedagóxica do centro. Neste curso 2022-23 será Pablo Fernández Otero.

Entre as súas funcións contamos:

- a. Organizar os recursos educativos relacionados coas TIC aos que se teña acceso, contando co apoio da UAC e de Premium.
- b. Informar ao profesorado sobre as ferramentas e sistemas ao noso dispor, e promover o seu uso en aula.
- c. Apoiar, asesorar e fornecer ao claustro na integración das TIC nas programacións didácticas.
- d. Dinamizar e impulsar iniciativas e proxectos que poidan xurdir tanto entre o profesorado coma entre o alumnado, relacionados coas tecnoloxías e a educación.
- e. Calquera outra, dentro das súas funcións, encomendada pola dirección do centro.

### 3 EQUIPO DE EDUCACIÓN DIXITAL

O equipo de Educación Dixital (TIC/Plan Dixital) está formado polos seguintes membros:

Nome e correo corporativo	Ocupación
Pablo Fernández Otero - pablofernandezotero@edu.xunta.es	Coordinador
Natalia Quintela Rey - nataliaquintela@edu.xunta.gal	Especialista lingua inglesa 2º Ciclo
Antía Varela Quintás - antiavarela@edu.xunta.gal	Titoras Primaria
Olaia Gude Urdangarín - olaia.gude.urdangarin@edu.xunta.gal	1º Ciclo
Andrea Pérez López - andrea.perezlopez@edu.xunta.gal	Titora Infantil 2º Ciclo

Reunirase periodicamente consonte o establecido no calendario de

reunións do centro. Entre as súas funcións estarán:

- Colaborar co coordinador e coa dirección do centro na organización de recursos educativos relacionados coas TIC.
- Representar aos diferentes niveis, ciclos, departamento ou etapas ás que pertencen dentro do equipo TIC.
- Informar ao resto do claustro sobre as posibles incidencias de software ou hardware, ou os diferentes acordos relacionados coas TIC aos que chegue o equipo TIC.
- Realizar propostas ou suxestións dentro das TIC para a optimización de recursos do centro.
- Avaliar o funcionamento TIC ao longo do curso e fornecer esta programación de modificacións melloras.

## 4 OBXECTIVOS DA PROGRAMACIÓN

Os obxectivos do curso 2023-24 son os seguintes:

- Elaborar unha Guía Básica de Uso TIC para os docentes que promova o uso de ferramentas dentro da rede corporativa da Xunta de Galicia, como son:
  - Páxina Web
  - XADE
  - Abalarbox
  - AbalarPro
  - EVA EdixGal para 5º e 6º de Primaria e aula virtual.
  - Espazo en Agueiro
- Manter en uso e actualizadas a páxina web e as Aulas Virtuais do centro.
- Facer ver ao claustro importancia do control e bo uso dos equipos e sistemas informáticos do centro.
- Promover o uso de software libre, tanto en programas coma Open Office coma en sistemas como amaqueta Abalar.
- Fornecer ao alumnado NEE/NEAE de recursos hardware e software apropiados.
- Manter actualizados os equipos tanto en software coma en hardware e detectar as carencias que existan.
- Realizar actividades sobre seguridade e privacidade en internet enfocadas tanto a alumnado como a docentes.
- Promover a incorporación das TIC no día a día como ferramentas educativas tanto nos procesos de aprendizaxe como tamén na administración e xestión, fomentando a cooperación en liña entre usuarios.
- Observar o Plan Dixital de Centro.

## 4.1 OBXECTIVOS DE CICLO

Guía aproximada dos contidos a tratar dentro de cada ciclo.

Ciclo	Contidos
2º Ciclo Infantil	Uso do rato, uso básico do teclado.
1º Ciclo Primaria	Apertura de arquivos. Estrutura de carpetas. Creación de ficheiros (ODF).
2º Ciclo Primaria	Proceso de textos e imaxe sinxela. Recoñecer tipos de programa (navegador, buscador, procesador, aplicación). Partes do ordenador (CPU e periféricos).
3º Ciclo Primaria	Proceso de textos, imaxes, presentacións. Recoñecemento de extensións. Uso de navegadores e buscadores. Seguridade na rede.

## 5 MATERIAIS E RECURSOS

O centro dispón de un número suficiente de equipos de aula para os docentes (PDI, proxector e PC), así como de equipos portátiles para o alumnado dos cursos superiores. Tamén se traballa con Ipads, dos que hai unha doceza en funcionamento.

Fornecidas as aulas de 5ºEP e 6ºEP co material EdixGal, só queda poñer a rodar o proxecto para que asentedefinitivamente neste seu primeiro ano completando ciclo.

Hai unha aula de Informática que neste momento está preparada e en funcionamento. A Páxina Web está en funcionamento e actualizada cando é preciso.

En Agueiro hai unha serie de grupos do CEIP de Vite funcionando, e deuse formación inicial a todo o claustro. En XADE deuse formación básica, poñendo o foco en horarios e avaliación do alumnado.

Deuse unha formación básica en Libreoffice centrado no Writer. En canto a necesidades que se perciben, pensamos que:

- Habería que fornecer as aulas de PC sobremesa para os proxectores e PDI. Usar portátiles para ese cometido é dar mal uso ao equipo.
- Habería que seguir esixindo a dotación de monitores táctiles nas aulas de 2º a 4º de Primaria que non osteeñen.
- Cómpre investir en tomas de corrente fiables para poder cargar os equipos portátiles de alumnado.
- Tomar a decisión de recorrer a software privativo (Windows, Microsoft Word) ou de usar software libre, pero as dúas cousas ao tempo non favorecen o traballo.



## 6 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Nas reunións que se leven a cabo ao longo do curso darase conta dos diferentes obxectivos que se vaian cumprindo.

Usaremos unha autoavaliación a modo de rúbrica para saber en que punto estamos e onde debemos movernos.

Obxectivo	Inicial	En desenvolvemento	Conseguido	Exemplar
<b>Da Programación</b>	O tema está tratado e iniciáronse accións	Todos os temas foron abordados e acadáronse algúns dos sub-obxectivos	O obxectivo está acadado	Non só se acadou o obxectivo, senón que se superaron as expectativas do mesmo
<b>De Ciclo</b>	O alumnado tocou o tema	Parte do alumnado aumentou a súa competencia dixital	Todo ou case todo o alumnado acadou os obxectivos previstos	Acadáronse mesmo obxectivos de rango superior ao ciclo

## 7 ADDENDA

A finais de setembro infórmase da aprobación dun plan de "Polos Creativos" para o centro, pero non se informanin de contido nin de continente para o mesmo.

Hai que fornece-lo PFPP cunha nova liña didáctica con 20h de formación neste aspecto, e quedamos á espera derecibir material de oficio por parte da Consellería.

Santiago de Compostela, a 26 de setembro de 2023

Asdo.: Pablo Fernández Otero